

ORGANIZACIÓN DA CDU

0- ENCICLOPEDIAS E DICIONARIOS XERAIS

1 FILOSOFÍA, PSICOLOXÍA, ÉTICA (azul)

2. RELIXIÓN (vermello)

29. Mitoloxía

3. CIENCIAS SOCIAIS (laranxa)

31. Socioloxía/Demografía 33. Economía/Traballo 34. Etnografía/
folclore 37. Dereito 39. Educación 396. Feminismo

5. MATEMÁTICAS, CIENCIAS NATURAIS (verde)

51. Matemáticas 52. Astronomía 53. Física/Meteoroloxía 54. Química/
Mineroloxía 55. Xeoloxía 57. Bioloxía 574. Ecoloxía/Biodiversidade
58. Botánica 59. Zooloxía

6. CIENCIAS APLICADAS (azul escuro)

61. Medicina 62. Enxeñaría/ Tecnoloxía 63. Agricultura/Caza e pesca
64. Cociña 68. Informática

7. BELAS ARTES, DEPORTES, ESPECTÁCULOS (rosa)

7(03). Historia da arte, Enciclopedias 72. Arquitectura 73. Escultura/ Cerámica
75. Debuxo/Pintura 77. Fotografía/Cine 78. Música 79. Deportes
791. Xogos/Lecer

8. LINGÜÍSTICA, LITERATURA E FILOLOXÍA (amarelo)

80. Lingüística e filoloxía 821. Literatura non traducida 82-IL. Libros ilustrados
82-TBO. Cómics e tebeos 82-LU. Literatura universal 86-LG. Literatura
galega 8-LC Literatura castelá 81. Latín e grego

9. XEOGRAFÍA, BIOGRAFÍAS, HISTORIA (gris)

92. Biografías 9i. Xeografía/Viaxes 93. Historia universal 94. Historia de
España 941. Historia de Galicia 941.1 Camiño de Santiago

LIX. Literatura infantil e xuvenil.

LJJ. Literatura infantil y juvenil.

NORMAS

1. **A biblioteca é un lugar de traballo e estudo.**
2. **Non está permitido comer nin beber.**
3. **Non está permitido xogar ao parchís, dados, cartas...**
4. **Deberás volver colocar os xornais e revistas no seu sitio despois de lelos.**
5. **Deberás devolver os libros e demais materiais en bo estado.**
6. **Ao rematar o recreo deberás deixar as mesas e as cadeiras ben colocadas e o chan sen papeis.**



Biblioteca do IES de Mugardos

INFORMACIÓN
PARA
USUARIOS

- **PRÉSTAMOS**

-O préstamo farase por 15 días.

-Despois deses 15 días deberás devolver ou renovar o préstamo.

-É necesario que ensines o teu carné de lector ou que recordes o teu número.

-Só poderás ter na casa ata 3 materiais (libros, CDs, etc.).

- No caso de que te retrases na devolución, non poderás pedir prestado outro material durante o tempo que dure o retraso.

- **HORARIO DE PRÉSTAMOS**

- A biblioteca permanecerá aberta durante os recreos para o préstamo e a devolución.

- Durante as horas lectivas a biblioteca estará dispoñible sempre e cando haxa un membro do equipo de dinamización para facilitar información ou deixar en préstamo xornais, revistas, dicionarios, libros de lectura... que demande calquera profesor para a súa aula a través dun alumno co compromiso de devolución antes de finalizar a súa clase.

- **NORMAS DE USO DOS ORDENADORES**

1. Os ordenadores só se poderán empregar con permiso dun profesor e na súa presenza.

2. No uso de ordenadores terá prioridade quen deba realizar un traballo ou buscar información académica.

3. Haberá un máximo de dous alumnos por ordenador.

4. Por razón organizativas ou outras debidamente xustificadas, de forma excepcional, poderá limitarse parcial ou totalmente por un tempo determinado o seu uso.

5. Non poderás instalar programas, aplicacións ou modificar a configuración do ordenador.

6. Deberás pedir permiso para descargar ficheiros de Internet.

7. Non deberás deixar arquivos no disco duro do ordenador

8. Ti serás o responsable de calquer dano que poidas ocasionar ao ordenador por un uso indebido.

9. Deberás asegurarte de que o ordenador quede totalmente apagado ao remate da sesión lectiva (clase ou recreo).

- **CONSULTA DO OPAC**

Podes localizar desde a túa casa títulos ou autores que haxa na nosa biblioteca consultando o OPAC MEIGA. Poderás entrar a través do blog :*Lecturas da Pandoira*.

<http://lermugardos.blogaliza.org/>)

Tamén poderás acceder entrando na páxina do PROXECTO MEIGA en Internet

Co teu número de carné (código de usuario) e o teu nome ou apelido (contrasinal) terás acceso a recursos electrónicos moi interesantes